



VII CONCURSO DE CARTEIS !

25 DE NOVIEMBRE DE 2011: "Día Contra a Violencia de xénero"

O Centro de Información á Muller do Concello de Soutomaior convoca o " VII Concurso de carteis" con motivo do " Día internacional da non violencia contra as mulleres ".

BASES:

- 1- A temática será a non violencia contra as mulleres e o fomento do bo trato nas relacións de parella.
- 2- No caso de que o cartel teña texto, este deberá estar escrito en galego.
- 3- Poderán participar os alumnos de 3º e 4º da ESO dos dous centros educativos de educación secundaria do Concello de Soutomaior: CPI Padín Truiteiro (Arcade) e Colexio Santiago Apóstol (A Montesiña- Soutomaior).
- 4- Establecerase unha soa categoría que incluírá ós alumnos de 3º e 4º da ESO.
- 5- Cada alumno presentará un único cartel, que deberá ser inédito. (Quedaran excluídos do concurso carteis que imiten campañas nacionais ou autonómicas sobre a violencia de xénero).
- 6- O tamaño dos carteis será DIN-A4, e o soporte cartulina. Valorarase a creatividade e a mensaxe do mesmo.
- 7- Os carteis deberán entregarse dentro dun sobre pechado numerados. E adxuntar un listado dos/das participantes que conteña os seguintes datos:

- _ Nome e apelidos. Nº asignado.
- _ Curso e colexio.
- _ Lugar de residencia.
- _ Teléfono de contacto.

- 8- Os carteis entregaranse nos propios colexios. Posteriormente dende os mesmos remitiranse ó CIM de Soutomaior :

*R/ Peirao, nº 8 (Multiusos de Arcade)
Arcade 36690. Pontevedra.
Teléfono e Fax: 986.701.227
e-mail: cim@soutomaior.es*

- 9- O prazo de presentación dos carteis **rematará o 16 de Novembro de 2011**, ás 14:00 horas.
- 10- Cada centro educativo designará un representante para formar parte do xurado do concurso, que se reunirá o 17 de novembro ás 16:30 horas no Centro Multiusos de Arcade.
- 11- Os premios serán os seguintes (premiarase 3 carteis):

1º PREMIO: Libro electrónico . E-book

2º PREMIO: MP4

3º PREMIO: MP4

- 12- Os carteis expóranse no Multiusos de Arcade, quedando temporalmente a disposición do Concello. Sendo devoltos posteriormente ós/ás seus/súas autores/as.
- 13- O día de entrega dos premios está previsto para o mesmo día 25 de Novembro as 17:00 horas no Multiusos de Arcade, sendo calquera modificación notificada os colexios.
- 14- A decisión do xurado será inapelable.
- 15- A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA ACEPTAR ÍNTEGRAMENTE ESTAS BASES.

ORGANIZA:

Centro de Información á Muller.
Concello de Soutomaior.
Concellería de Igualdade , Servizos Sociais e Sanidade.
Concello de Soutomaior.

COLABORA:

CPI Manuel Padin Truiteiro.
Colexio Santiago Apóstol
Asociación de Mulleres Rurais Anduriña..
Artistas da bisbarra de Soutomaior.